

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de decembro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día dezoito de decembro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1762).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 23 de outubro de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1763).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á “UNIÓN CÍVICA MUNICIPAL DE CONSUMIDORES Y AMAS DE HOGAS DE VIGO”. EXPTE. 3532/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.11.06, o informe de fiscalización do 28.11.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, do 13.10.06, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder á Unión Cívica Municipal de Consumidores y Amas de Hogar de Vigo unha subvención por unha contía de 3.000 € en concepto de axuda para a organización de actividades e asesoramento a colectivos desfavorecidos afectados por forte perda económica no ano 2006, e isto con cargo á partida 1110 4890002 (Subvencións por razóns humanitarias, e sociais) o no seu defecto con cargo á bolsa xurídica de vinculación.

3(1764).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. 314/2006 INTERPOSTO POR Dª ELVIRA LÓPEZ LÓPEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE REC. REPOSICIÓN SOBRE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza do 9.10.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo estimar e estimo en parte a demanda formulada por María Jesús Valencia Ulloa, en nome e representación de Elvira López López, contra a desestimación presunta do recurso de reposición interposto polo recorrente contra a resolución do Concello de Vigo de 30 de decembro de 2005, pola que se desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos danos sufridos pola recorrente como consecuencia do coque do seu vehículo contra un pivote de ferro na rúa Ceboleira, anulando a mesma e condenando ó Concello demandado a que abone á actora a cantidade que se acredite en execución de sentenza como importe de reparación do vehículo da súa propiedade, sen rebasar a cantidade máxima de 520 €, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

4(1765).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 35/2006 INTERPOSTO POR Dª. ELVIRA TOMÉ SANMARTÍN CONTRA DE ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza do 9.10.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por Elvira Tomé Sanmartín, seguido como P.A. 35/06 ante este Xulgado, fronte ó Concello de Vigo contra a desestimación municipal da súa reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial, con condena ó Concello de Vigo a aboarlle a cantidade de 1327,51 €, á que serán de aplicación os xuros legais dende a data da reclamación, formulada polo demandante ante a Amdinistración municipal (11.05.04), sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación para os efectos legais oportunos ó igual que o de Vías e Obras.

5(1766).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 337/2006 INTERPOSTO POR Dª. DOLORES FERNÁNDEZ CAMESELLE CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza do 9.11.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo estimar e estimo en parte a demanda formulada por Purificación Rodríguez González, en nome e representación de Dolores Fernández Cameselle, contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola recorrente o 9 de abril de 2005 polas lesións e perdas padecidas como consecuencia da caída sufrida o día 1 de abril de 2005 na rúa Ramón Nieto, á altura do número 36, anulando a mesma e condenando ó Concello a aboar á actora a cantidade de 2.257,66 euros, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación.

6(1767).- AUTO DO TRIBUNAL SUPREMO NO REC.CASACIÓN Nº 145/2005 INTERPOSTO POR TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO S.A. CONTRA SENTENZA DO TSXG DESESTIMATORIA DE R.C.A. INTERPOSTO CONTRA APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓNS DO CONTRATO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE RSU E LIMPEZA VIARIA E A SÚA ADXUDICACIÓN. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta do auto do 29.06.06 dictado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo no recurso de referencia interposto contra sentenza do TSXG de 8.10.06 (Xunta de Goberno local do 8.11.04), que falla o seguinte:

Declarar a inadmisión do recurso de casación interposto pola representación procesual de Tranvías Eléctricos de Vigo S.A. contra a Sentenza de 8.10.04, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sección Segunda), dictada no recurso nº 5074/2000, resolución que se declara firme; con imposición das custas procesuais á parte recorrente.

7(1768).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN INTEGRAL PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN PRÁCTICA NA ADMINISTRACIÓN LOCAL. EXPTE. 17868/301.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 15.11.06 e 12.12.06 e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 23.10.06, conformado polo xefe de Sector de Acción Social e a delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Fundación INTEGRA, para o desenvolvemento dun Programa de formación práctica na Administración Local.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN INTEGRA PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN ADMINISTRACIÓN LOCAL

Vigo, de de 2006

REUNIDOS

Dunha parte:

Dna. Rita Blanco Rivas, en calidade de presidenta da Fundación INTEGRA, con CIF. G-36.880.615, e enderezo en R/ Martínez Garrido, 29, baixo, de Vigo

Doutra parte:

Dª Corina Porro Martínez, DNI. 32610818S, na súa condición de Excmo. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo, con CIF 36005700H, e domicilio na Praza do Rei, s/n, Vigo (Pontevedra).

As partes intervenientes, recoñecéndose reciprocamente capacidade e lexitimación para a sinatura de convenio ao abeiro do disposto na normativa vixente,

MANIFESTAN

1º.- Un dos aspectos máis importantes na educación dos discapacitados psíquicos e, por conseguinte, da súa integración na sociedade é, ademais de ensinarlles os aspectos educativos elementais, conseguir que logren unha autonomía persoal que lles permita alcanzar o maior grado de independencia posible.

Os plantexamentos no mundo da educación para discapacitados non poden ser radicais, xa que dependen das minusvalías dos afectados. É fundamental a posta en marcha de programas de intervención promovendo, ademais da adquisición de habilidades e coñecementos, aspectos adaptativos que afectan á raíz de todos os comportamentos, como son as habilidades de competencia social, a adquisición de hábitos de autonomía e independencia persoal, as habilidades de comunicación, etc.

2º.- O artigo 49 da Constitución Española di que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, ós que prestarán a atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o aproveitamento dos dereitos que este Título (refírese ó Título 1, Dos dereitos e deberes fundamentais) outorga os cidadáns.

3º.- Segundo o art. 11 da Lei 4/1993 de 14 de abril de servizos sociais, son servizos sociais de atención especializada os dirixidos a sectores de poboación con problemáticas definidas.

4º.- Segundo o art. 13.1 da Lei 4/1993 de 14 de abril de servizos sociais, son servizos sociais de atención especializada na área de actuación das minusvalías aqueles que procuran o tratamento, rehabilitación e integración social dos discapacitados físicos, psíquicos, e sensoriais, así como a prevención das minusvalías.

5º.- Segundo o art. 13.3 da mesma Lei, son programas propios destes servizos os de valoración, diagnóstico e calificación das minusvalías, atención temprana, formación ocupacional, integración laboral, supresión de barreiras arquitectónicas, urbanísticas e do transporte, axudas técnicas e cantos outros sexan favorecedores da súa autonomía persoal e integración social.

6º.- Que os Concellos como entes locais, en virtude do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, ou no artigo 21 da Lei galega de servizos sociais, teñen competencias e por conseguinte iniciativa propia, no campo dos servizos sociais.

7º.- Que con base legal na precitada normativa, o Concello de Vigo pretende realizar un programa encamiñado á integración laboral para persoas con discapacidade intelectual.

E segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente ámbalas dúas partes capacidade de obrar para afrontar as accións motivo deste convenio, acordan subscribilo presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio de colaboración ten por obxecto a realización de prácticas na Administración Local no Servizo de Conserxería polos beneficiarios do programa que a tal efecto se elabore e nas condicións establecidas no mesmo, coa finalidade de promover a adquisición de experiencia nas tarefas propias do ámbito da conserxería que habitualmente se realizan no Concello de Vigo.

SEGUNDA.- A realización das ditas prácticas ten carácter exclusivamente formativo, e en ningún caso implicará relación laboral ou contractual algunha entre o Concello de Vigo e os beneficiarios/as do programa, non devengando obrigas económicas para o Concello de Vigo nin a sunción de ningún tipo de responsabilidades mais que as expresamente derivadas do presente convenio.

TERCEIRA.- A duración do presente convenio será de un ano natural, prorrogable por períodos anuais ata un máximo de tres. A eficacia do mesmo producirase o día seguinte ao da súa sinatura.

CUARTA.- A formación a impartir desenvolverase en dependencias municipais, salvo que por causa xustificada e previo aviso ás partes afectadas sexa modificado o lugar de realización. O número de beneficiarios será o acordado entre as partes en función das necesidades do Concello e o número de alumnos formados pola Fundación.

QUINTA.- O Concello de Vigo designará unha persoa que actuará como coordinador/a do programa de prácticas e supervisará a correcta aprendizaxe dos beneficiarios, debendo informar á Fundación INTEGRA de todas aquelas incidencias relacionadas co programa.

SEXTA.- A Fundación INTEGRA asumirá os gastos de subscripción dunha póliza de seguro aos beneficiarios da formación, debendo proporcionar unha copia da mesma ao coordinador/a do programa, así como do material que eventualmente poidan necesitar para a realización das prácticas. Esta póliza de seguro deberá contemplar as contingencias amparadas que, en todo caso, será a responsabilidade civil, a asistencia sanitaria e os accidentes derivados da realización destas prácticas.

SÉTIMA.- Rematado o período de prácticas, que se fixa en dous meses, prorrogables ata a duración máxima do convenio incluídas as súas prórrogas, por acordo das partes si así se estima necesario para os obxectivos de formación perseguidos, o Concello de Vigo expedirá a cada un dos beneficiarios certificación acreditativa da

realización das mesmas, con indicación das tarefas realizadas e servizo municipal correspondente, coa finalidade de que os beneficiarios poidan dispoñer del para o seu currículo laboral.

OITAVA.- A modificación ou incumprimento por calquera das partes asinantes das cláusulas do presente convenio, realizada sen previa conformidade coa outra, considerarse suficiente para a automática extinción do convenio, previa posta en coñecemento escrito da circunstancia ou circunstancias que puidesen xerar tal situación, salvo que a parte non consultada considere suficientemente xustificada a modificación ou incumprimento.

NOVENA.- As partes poderán desistir da realización do programa formativo no suposto de faltas de puntualidade, asistencia, comportamento incorrecto dos participantes ou circunstancias dos servizos municipais implicados que fagan notoriamente dificultosa a materialización do mesmo.

DÉCIMA.- A efectos de seguimento do presente convenio, aplicación do mesmo, interpretación e resolución de conflitos, constituirase unha comisión integrada por representantes de cada parte no senso seguidamente indicado:

- Pola Fundación INTEGRA: A presidenta, Rita Blanco Rivas e Beatriz Álvarez López.*
- Polo Concello de Vigo: Concelleira-Delegada da Área de Benestar Social ou persoa en quen delegue. Coordinador/a do programa formativo designado polo Concello.*

DECIMOPRIMEIRA.- Para calquera conflito en vía xurisdiccional que poida derivarse do presente convenio, as partes sométense expresamente aos tribunais de xustiza de Vigo.

En proba de conformidade co estipulado, as partes asinan o presente, no lugar e data que figura no encabezamento.

8(1769).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO CLUB ATLETISMO VIGO PARA REALIZAR A 2ª CARREIRA POPULAR SAN SILVESTRE O 31.12.06 NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 6495/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 27.11.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ó Club Atletismo Vigo, a organizar o vindeiro día 31 de decembro de 2006, a proba deportiva denominada “2ª Carreira Popular San Silvestre” a partir das 12.00 horas do mediodía e que percorrerá polo Parque de Castrelos.

9(1770).- SOLICITUDE DE TRIENIOS DE Dª. MARÍA LUISA ALVAREZ FERNÁNDEZ.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Xunta Rectora do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Recoñecer os seguintes servizos prestados por Dna. María Luisa Álvarez Fernández

		desde			ata			total		
	nivel	días	mes	ano	dia	mes	ano	anos	meses	días
Aux. administrativa	D	28	6	95	2	7	99	4	0	4
Aux. administrativa	D	6	8	99	13	6	3	3	10	7
Aux. administrativa	D	11	7	3	21	8	6	3	1	10
TOTAL								10	11	21

2º.- Proceder o aboamento das cantidades a dita traballadora, correspondentes os trienios do grupo D, dende o 28 de xuño de 1.995, ata o 21 de agosto de 2006, resultando as seguintes cantidades, e procedendo as retencións correspondentes.

mes	días	importe
agosto	10	25,19 €
setembro	30	75,57 €
outubro	30	75,57 €
novembro	30	75,57 €
decembro	30	75,57 €
	130	327,47 €

10(1771).- PROPOSTA DE VALORACIÓN E APROBACIÓN DA PRODUCTIVIDADE DOS TRABALLADORES DO IMD.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta formulada pola Xunta Rectora do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, con base no informe-proposta do director técnico do IMD, do 1.12.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer e aboar ó persoal do IMD as cantidades que de seguido se indican, en concepto de productividade do ano 2006, tendo en conta que as cantidades referidas non fundamentan ni consolidan ningún recoñecemento anterior xa que corresponden o periodo definido e as diferencias e características mencionados no informe proposta:

APELIDOS	NOME	POSTO	GR	CD	CE	
ROMO PEREZ	VICENTE	DIRECTOR DEPORTIVO	A	26	11	1.131,11 €
LAGO FILGUEIRA	JOSE ANGEL	DIRECTOR TECNICO	A	26	11	3.054,90 €
FERNANDEZ PEREZ	JUAN	ADMINISTRATIVO	C	18	56	1.125,69 €
BERNARDEZ BESTILLEIRO	ANA	AUXILIAR ADMVO.	D	18	22	1.436,85 €
ABEIJON BROULLON	ANGEL	OFICIAL INST.	D	15	53	2.283,75 €
CALDAS RODRIGUEZ	JOSE LUIS	OFICIAL INST.	D	15	53	2.283,75 €
GONZALEZ MUÑOZ	ALVARO	OFICIAL INST.	D	15	53	2.283,75 €
ITALIANI ROMAN	RAMON JESUS	OFICIAL INST.	D	15	53	2.283,75 €
RIOS PRADO	SANTIAGO	OFICIAL INST.	D	15	53	2.283,75 €

RODRIGUEZ VARELA	MANUEL	OFICIAL INST.	D	15	53	2.283,75 €
ROMAN CARIDE	FERNANDO	OFICIAL INST.	D	15	53	2.283,75 €
TABOADA PARDO	CESAREO TOMAS	OFICIAL INST.	D	15	53	2.283,75 €
APELIDOS	NOME	POSTO	GR	CD	CE	
PEREZ BERNARDEZ	FERNANDO	AXUDANTE MANT.	E	14	53	1.710,17 €
RODRIGUEZ FERNANDEZ	ENRIQUE	AXUDANTE MANT.	E	14	53	1.710,17 €
DAMEA POUSA	MARIA	LIMPIADORA	E	12	55	1.710,17 €

30.149,07 €

11(1772).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO CON EXECUCIÓN DE OBRA DE DÚAS PISCINA CUBERTAS NA PARCELA DA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO 1 DO PERI II-12-A FLORIDA B E PARCELA NO PERI 4-BARREIRO II. EXPTE. 6078/333.

Dáse conta do informe-proposta do técnico municipal do Servizo de Deportes, do 6.10.06, que di como se transcribe:

Alegacións presentadas nos Pregos de Cláusulas Administrativas, Particulares e Técnicas no concurso para a adxudicación do contrato de Xestión de Servizos Públicos, para a construción e explotación de 2 piscinas cubertas na parcela do PERI 4 - BARREIRO II, e na Praza Central do Polígono I do PERI II-12 A FLORIDA B.

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, con data 14 de agosto de 2006, acordou:

Primeiro:

Someter a información pública por un periodo de UN MES mediante anuncio a publicar no BOP os Pregos de Cláusulas Administrativas e Prescripcións Técnicas que no seu caso rexerán no concurso que se convoque para a xestión indirecta (concesión) do servizo público da actividade deportiva mediante a construción e posterior explotación de dúas piscinas cubertas nas seguintes parcelas: Parcela na praza central do polígono 1 do PERI "II-12 A Florida B" e Parcela no PERI 4-Barreiro II.

Segundo:

Someter a información pública polo prazo DUN MES mediante anuncio a publicar no BOP o Anteproxecto de explotación e de obras referido á construción de dúas piscinas cubertas nas seguintes parcelas: Parcela na Praza Central do Polígono 1 do PERI II-12 A Florida B e Parcela no PERI 4. Barreiro II.

1.- INFORME:

Rematado o prazo de alegacións, preséntase un escrito da empresa GAIA GESTIÓN DEPORTIVA S.L.

1º.- A primeira alegación é sobre o incremento das tarifas de carácter xeral, que segundo GAIA GESTIÓN DEPORTIVA S.L. deberían obedecer a unha fórmula polinómica presentada polo licitador. Este técnico considera que a capacidade adquisitiva dos usuarios está en función dos incrementos do IPC do conxunto nacional ou índice que o sustitúa, dado que este índice é o que se utiliza para a revisión, por exemplo: dos salarios dos traballadores; polo tanto a utilización dunha fórmula polinómica, que propoñan os licitadores, podería provocar unha desviación entre o nivel adquisitivo do usuario e a tarifa dos servizos. Tendo en conta o anteriormente dito,

considero que o IPC e o mellor indicador para manter a concordancia entre as tarifas e a capacidade económica do usuario. Deixar este aspecto en mans do licitadores (formula polinómica), podería provocar, no futuro unha disfunción entre o que tería que pagar o usuario e a súa capacidade económica.

2º.- Na 2ª alegación, sobre os requisitos de solvencia económica, a empresa GAIA GESTIÓN DEPORTIVA S.L., propón que o licitador deberá acreditar unha facturación dos últimos anos superior a 2.500.000 €.

3º.- Na súa 3ª alegación, sobre os requisitos da solvencia técnica, solicita GAIA GESTIÓN DEPORTIVA S.L., que o licitador, acredite a xestión de Tres centros deportivos de similares características en cidades de máis de 100.000 habitantes.

En relación a estes dous últimos puntos, este Técnico considera que no prego de condicións que rixe este concurso se establecen os criterios obxectivos, tanto de solvencia técnica, como económica, para así asegurar que o futuro adxudicatario faga unha correcta prestación dos servizos. Seguramente a empresa que fai esta alegación cumpre os requisitos por ela propostos, e ten como obxectivo eliminar posibles competidores.

Tendo en conta as consideracións expostas, e previos, os informes que correspondan.

Propoño a Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo.

- 1.- Desestimar as alegacións presentadas pola empresa GAIA GESTIÓN DEPORTIVA S.L., con data 29 de setembro de 2006.
- 2.- Entender finalizada as actuacións previas e, en consecuencia, aprobar o expediente de contratación que contén o anteproxecto da construción das dúas instalacións, e o anteproxecto de explotación do servizo, e os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripción técnicas.
- 3.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación.

Dáse conta do acordo da Comisión de Control da Contratación polo que se propón a Xunta de Goberno local a modificación dos pregos de condicións nos seguintes aspectos:

1º.- Esixir a clasificación inicialmente prevista nos pregos ó contratista, se non hai obstáculo por parte da Asesoría Xurídica.

2º.- Aumentar a valoración outorgada no apartado 20.1.1. Aspectos de xestión (que pasará a ter unha valoración máxima de 50 puntos en lugar de 45), ó Plan de mantemento: investimento anual e mantemento das instalacións e equipamento, que pasará a ser ata un máximo de 15 puntos en lugar de 10.

Dáse conta do informe de Asesoría Xurídica, de data 12.12.06, no que se informa que “en ningún momento refírese a lei ó contrato de xestión de servizos públicos a efectos de esixencia do requisito de clasificación empresarial, polo que, ó non existir precepto legal que o estableza, tal esixencia non é posible.

Acordo

A Xunta de Goberno local, vistos os devanditos informes, acorda:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas pola empresa GAIA GESTIÓN DEPORTIVA S.L., con data 29 de setembro de 2006.

2º.- Entender finalizada as actuacións previas e, en consecuencia, aprobar o expediente de contratación que contén o anteproxecto da construción das dúas instalacións, e o anteproxecto de explotación do servizo, e os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripción técnicas, coa modificación proposta nos pregos de cláusulas administrativas pola Comisión de Control da Contratación do día 11.12.06, que é a seguinte:

Aumentar a valoración outorgada no apartado 20.1.1. Aspectos de xestión (que pasará a ter unha valoración máxima de 50 puntos en lugar de 45), ó Plan de mantemento: investimento anual e mantemento das instalacións e equipamento, que pasará a ser ata un máximo de 15 puntos en lugar de 10.

3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación.

12(1773).- SOLICITUDE A AQUALIA DA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE ACOMETIDA DE SANEAMENTO Ó LOCAL MUNICIPAL DE TURISMO DA RÚA TEÓFILO LLORENTE Nº 7. EXPTE. 11908/444.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais , do 5.12.06, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

O local municipal sito na rúa Teófilo Llorente, nº 7, ten problemas frecuentes de malos cheiros e augas negras. Unha vez realizada unha visita de inspección, compróbase que o citado local non dispón de acometida directa ao colector xeral de saneamento, polo que é necesario construír a acometida de xeito que entronque no colector xeral a través dun pozo de rexistro, instalando unha válvula de retención para evitar o retroceso da auga.

Dacordo co presuposto adxunto da empresa concesionaria de saneamento, Aqualia, cuxo importe ascende a 1.342,53 Euros, axustándose aos prezos acordados no programa de inversións de abastecemento e saneamento; faise a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

Sexa solicitado a empresa concesionaria a realización das obras necesarias para a acometida de saneamento ao local municipal de turismo sito na rúa Teófilo Llorente nº 7 por un importe de 1.342,53 € (co I.V.E. engadido), sendo financiadas estas obras con cargo a cuotas de enganche.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1774).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS DO ANO 2006, NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007. EXPTE. 4101/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.12.06 e de acordo co informe-proosta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 1.12.06, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Emprego, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder as axudas económicas aos seguintes solicitantes por un importe total de 120.000 euros:

nº exped	Nome da empresa	NIF / DNI	Forma xurídica	Importe en €
3934	Rosa María Agra Seco	35285617Y	Autónomo	1944
3953	Brian, C.B.	E36963304	C.B.	793
3948	Carolina Cordero Santamaría	36067076V	Autónomo	2437
3933	Nieves Costas Fernández	36023064G	Autónomo	1340
3966	Artellar, C.B.	E36961217	C.B.	1514
3912	Raquel Seijo Enríquez	36115748K	Autónomo	752
3929	Galería PM8, S.L.	B36961779	S.L.	3000
3930	Ydeas, C.B.	E36961944	C.B.	2097
3925	Mª de los Angeles Táboas	35997416R	autónom.	2081
3975	Mª do Ceo Oliveira Xavier	X2903913W	autónom.	3000
3961	Mª Paz Maceira Pérez	36101632G	autónom.	656
3985	Vanesa Fernández Guedella	53177991J	autónom.	1362
3936	Deco-oulet, C.B.	E36955110	CB	3000
3940	Arearea, S.L.	B36959104	S.L.	3000
3973	Paula Álvarez Comesaña	77007711P	Autónomo	2523
3978	Marabu, C.B.	E36966968	C.B.	3000
3899	Pilar Lourés Carballal	53170970F	Autónomo	3000
3902	María Teresa Rubio Ramos	36122390Q	Autónomo	2302
3903	Begoña Santos Cortizo	36068677P	Autónomo	2434
3931	Ventair Distribución, S.L	B36969871	S.L	3000
3954	María Rosario Pereira Márquez	36069040A	Autónomo	566
3911	Miríam Taboada Pérez	36126973E	Autónomo	1512
3928	José Manuel De la Peña González	36121190N	Autónomo	712
3906	Mª Victoria Covelo Martínez	36065049Z	Autónomo	1801
3932	Inmobiliaria Payxaxe, S.L.N.E.	B36969988	S.L.N.E.	605
3916	Olimpia Domínguez Pérez	44464483D	Autónomo	2263
3920	Rosa Mª Pintos Otero	36090591A	autónom.	3000
3947	Limpiezas Azul en Acción, S.L.	B36963056	S.L.	3000

3921	Estefanía González Rodríguez	44446928A	autónom.	1786
3927	Laura Docampo Bolívar	36113903Q	Autónomo	2672
3937	Mª José Abandonado Avendaño	53172978Z	autónom.	3000
nº exped	Nome da empresa	NIF / DNI	Forma xurídica	Importe en €
3950	María José Ambrosio Giráldez	36028761C	Autónomo	1661
3960	France Rouse Da Silva Souza	X07385068K	Autónomo	1601
3922	Mª José Estévez Covelo	77002745X	Autónomo	2222
3935	Concepción Alonso Suárez	36080345S	Autónomo	2775
3971	The Original Factory, S.L.U	B36961787	S.L.U	3000
3977	Ana Isabel Araújo Rodríguez	34876001C	Autónomo	1510
3915	Elena Vazquez Otero	36091043H	Autónomo	1984
3923	Zulema Miríam González Olmedo	39456680L	Autónomo	1471
3962	Guadalupe Fernández Barrio	11964083N	autónom.	3000
3974	Cruz María Rivas Rivas	X3068457G	Autónomo	1929
3976	Os Lobiños, S. Coop. Galega	F36965648	S. Coop.	3000
3979	Mª Isolina Faria Pérez	36047475N	autónom.	1745
3892	Colchonerías Camats, S.L	B36951564	SL	3000
3895	Ana María Álvarez Álvarez	36079105V	Autónomo	2433
3945	Carnicería Dinis, C.B	E36960805	C.B.	2559
3949	Manuela Rodríguez Pérez	34625845N	autónom.	2867
3952	María José Castro Pérez	36115676H	Autónomo	3000
3917	Amelia García Alonso	36093156S	Autónomo	2178
3967	Julia Antonia Granda Dominguez	41935892S	autónom.	2038
3982	Raquel González Rama	44454596N	autónom.	389
3941	Josefa Lucía Piñeiro Del Río	35919696K	Autónomo	1875
3943	Fernández & Rouco, S.L.U	36098918G	S.L.U	191
3963	Cristina Fernández Otero	36108935Q	autónom.	3000
3968	Loreto Velasco Doldán	36141061B	autónom.	2520
3955	Ana Isabel Alonso Álvarez	36082364X	Autónomo	1151
3900	Nuria López Elvira	36124087B	Autónomo	2748

2º.- Denegar as seguintes expedentes en base ao establecido na base 1ª.5 dado que as solicitudes presentadas superaron o orzamento previsto, e sendo estes os proxectos con menor puntuación do baremo establecido:

nº exped	Nome da empresa	NIF / CIF	Forma xurídica	Importe en €
3964	Mª Elisa Rodríguez Novoa	3655800B	Autónom.	2.538
3942	Jesús Crespo Rodríguez	76991133J	Autónom.	716
3959	Mensajería, C.B.	E36969590	C.B.	621
3969	Vanessa Suarez Piñeiro	36108384V	Autónom.	890
3919	Stetic & Sun, C.B	E36971323	CB	2.910

3º.- Denegar as seguintes solicitudes, unhas por non cumprir os requisitos esixidos, e outras por non achegar a documentación precisa:

nº exped	Nome da empresa	NIF / CIF	Forma xurídica	Motivo desestimación
3918	Retoques, C.B.	E-36970135	CB	No presenta a documentación requerida
3926	Hispánica Slate, S.L.	B36969012	S.L.	Non cumpre os requisitos xerais. Non presenta documentación.
3944	Andrea Pérez Dacosta	36064838X	Autónomo	Actividade noutro Concello: Mos
3951	Occam, C.B.	E36975811	S.L.	Actividade fora periodo subvención
3956	Isabel Cristina Alonso Otero	36113715N	Autónom.	No presenta a documentación requerida
3957	Mª de la Sierra León Pavón	30427902Y	Autónomo	No presenta a documentación requerida.
3958	María Luz Muñiz Blanco	34950212X	Autónomo	Non presenta documentación.
3965	A Gacha Fidalgo Sarabia, S.L.	B36966158	S.L.	Ten débedas No presenta a documentación requerida
3970	Escuela de Formación Gallega, S.L.	B36965960	S.L.	Non presenta a documentación. Ten débedas
3972	Mª Teresa Gutiérrez Vázquez	36124261R	Autónomo	No presenta a documentación.
3981	Godiz Obras de albañilería SL	B36970838	SL	Non presenta a documentación. Ten débedas

14(1775).- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL. EXPTE. 3939/77.

Dáse conta o informe do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 13.12.06, sobre o asunto de referencia, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

No Servizo de Desenvolvemento local e emprego do Concello de Vigo veñen prestando actualmente os seus servizos tres técnicas locais de emprego (agora denominadas axentes de emprego e desenvolvemento local), subvencionadas pola Consellería de Traballo no ámbito da colaboración desta Concellería e as entidades locais. Con data 13/12/06 a citada Consellería concedeu subvención para a contratación de dúas novas persoas ao abeiro do programa de axentes de emprego e desenvolvemento local, así como para a prórroga das tres técnicas citadas. Xa no presente ano 2006, a Xunta de Goberno Local aprobou, na súa sesión de data 11/09/06, solicitar subvención para a prórroga das tres técnicas locais de emprego contratadas (expte 3939/077), ao abeiro do establecido na Orde de 02/08/06.

Mediante cinco Resolucións de data 13/12/06, a Consellería de Traballo concedeu subvencións ao Concello de Vigo para a contratación de cinco axentes de emprego e desenvolvemento local, do seguinte xeito:

Concepto	Subvención concedida	Nº	Duración
Contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local	22.210,56 euros	5	12 meses
TOTAL	111.052,80 euros		

Estas subvencións establécense de xeito que a Xunta de Galicia aporta o 80% dos custos salariais totais das contratacións e o Concello de Vigo o 20% restante. Da aplicación do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007, resulta unha previsión de uns custos salariais totais anuais por traballador técnico/xestor (categoría de técnico medio) de 27.763,56 euros, o que supón unha aportación municipal de 5.553,00 euros ano por traballador. O Concello de Vigo terá que cofinanciar, polo tanto, estas contratacións nunha contía anual estimada en 27.765,00 euros (5 contratacións).

O periodo de vixencia destas prórrogas será do 28/12/06 ao 27/12/07.

Por outra parte, dadas as datas das contratacións e de conformidade coa Oficina municipal de Intervención, a correspondente xeración do crédito e modificación presupostaria realizarase os primeiros días do vindeiro exercicio de 2007.

O que se informa á Corporación Municipal para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

15(1776).- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN PARA DOUS POSTOS DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL. EXPTE. 4129/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 13.12.06, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as bases para a selección de axentes de emprego e desenvolvemento local, que se achegan co expediente, para a contratación de dúas persoas para axentes de emprego e desenvolvemento local.

BASES PARA A SELECCIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL *Decembro 2006*

Axente de emprego e desenvolvemento local. Segundo a Orde do 2 de agosto de 2006 que regula a subvención, as funcións de axente de emprego e desenvolvemento local serán as seguintes:

- Prospección de recursos ociosos ou infrautilizados e de proxectos empresariais de promoción económica e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego.
- Difusión e estímulo das potenciais oportunidades de creación de actividade entre persoas desempregadas, promotores e promotoras, persoas emprendedoras e institucións colaboradoras.

- c) *Acompañamento técnico na iniciación de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.*
- d) *Apoio aos promotores e ás promotoras das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoos/as tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento.*

Nº de postos: 2

Características dos contratos: Os contratos laborais (por obra/servizo de duración determinada) terán as características establecidas no Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, por un ano de duración, co nivel retributivo contemplado no Acordo para titulación de grao medio (modalidade Técnicos e Xestores).

Procedemento de selección:

Realización de oferta xenérica ao Servicio Público de Emprego para dous postos de “axente de emprego e desenvolvemento local”. Cinco candidatos/as por praza.

1. *Valoración dos currícula enviados. Esta función realizarana a Concellaría Desenvolvemento Local e Emprego do concello. Cos currícula valorados (segundo o baremo que a continuación se indica), a Comisión de Selección definirá o número de candidatos que pasarán a entrevista persoal, para acadar unha puntuación final que permita seleccionar as persoas máis idóneas para os postos de traballo en cuestión (a entrevista persoal ante a Comisión de Selección terá unha puntuación máxima de 5 puntos que se sumarán á puntuación obtida na valoración dos currícula).*

Criterios de baremación para Axentes de emprego e desenvolvemento local:

- 1º.- *Experiencia en programas de fomento da iniciativa empresarial e de promoción do emprendemento: 0,10 ptos. por mes (máximo 5 ptos).*
 - 2º.- *Formación complementaria: 0,10 ptos por cada curso de entre 20 e 49 horas; 0,20 ptos por cada curso de entre 50 e 249 horas; e 0,40 ptos por cada curso de 250 e máis horas, todos eles relacionados directamente coa actividade (máximo 2 ptos).*
 - 3º.- *Coñecementos de galego: Curso de Iniciación: 0,25 ptos; Perfeccionamento: 0,5 ptos; Linguaxe administrativa medio: 0,8 ptos.; Linguaxe administrativa superior: 1 pto. Só se computará o de maior puntuación. Outros cursos: coa mesma puntuación que no punto 2º (máximo 1 pto.).*
 - 4º.- *Outros méritos (coa mesma puntuación que no punto 2º): informática e idiomas ata un máximo de 1 pto.*
2. *A composición da Comisión de Selección será a seguinte:*
 - *A concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local ou persoa en quen delegue.*
 - *O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego ou persoa en quen delegue.*
 - *Dúas persoas técnicas do departamento de Desenvolvemento Local e Emprego, designadas pola Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.*
 - *Unha persoa representante da parte social do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007.*

16(1777).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAV
------	--------	---------	-----------	--------	-------

ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0648775	3.000,00	2.629,56	370,44	
“	0652830	60,00	60,00		
NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAV
BERNARDEZ GIL SELA	0604036	3.000,00	1.546,66	1.453,34	
“	0649091	6.000,00	5.959,45	40,55	
CASTILLO MARTIN CARMELO DEL	0636624	3.000,00	2.451,47	548,53	
“	0649947	60,00	40,85	19,15	
CEA NOGUEIRA XOSE LOIS	0633638	544,00	544,00		
ESPADA RE CAREY LUIS	0650582	12.000,00	12.000,00		
“	0655933	12.000,00	12.000,00		
LOPEZ CUESTA ISABEL	0635402	30.000,00	30.000,00		
LOPEZ MOURE JESUS	0656274	29.160,66	29.160,66		
“	0655703	162.191,63	162.191,63		
MAGDALENA VILA MARIA JESUS	0605610	200,00	135,60	66,40	
OJEA PEREZ IGNACIO	0637912	1.000,00	993,35	6,65	
OLIVEIRA LOPEZ IGNACIO	0611946	6.000,00	4.919,78	1.080,22	
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	0646690	410,00	120,15	223,88	
“	0646689	122,07	188,04		
“	0649136	199,00	199,00		
“	0651147	1.566,00	1.566,00		
“	0651748	450,76	444,04	6,72	
“	0651970	742,40	742,40		
“	0653960	1.008,04	1.008,04		
“	0653961	206,74	206,74		
“	0653962	200,00	147,00	53,00	
“	0653963	112,08	112,08		
“	0654058	200,00	200,00		
“	0654243	85,00	85,00		
“	0654612	191,81	191,81		
“	0655115	96,72	96,72		
SAAVEDRA RODRIGUEZ JESUS	0623806	30.000,00	22.369,38	7.630,32	
SALVADORES CANEDO TERESA	0636511	3.000,00	2.201,96	798,04	
SANLUIS COSTAS AVELINO	0633640	4.000,00	3.772,87	227,13	
“	0625447	2.000,00	1.994,72	5,28	
“	0653922	300,00	0,00	300,00	
“	0653924	700,00	515,80	184,20	
SANROMAN VARELA MARIA JESUS	0619222	29,74	29,74		
“	0625322	600,00	564,13	35,87	
“	0625324	1.500,00	1.229,80	270,20	
“	0646779	10.000,00	9.999,00	1,00	
SOTO ALVAREZ CARLOS	0637916	18.180,00	19.094,46	85,54	
VIETES ALEN JOSE MANUEL	0654057	6.000,00	5.999,31	0,69	
TOTAL			337.711,20		

17(1778).- OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓN DO USO E GOCE DE ESPAZOS DE USO PRIVATIVO NO VIVEIRO DE ASOCIACIÓN DO CENTRO CÍVICO CASCO VELLO. EXPTE. 3109/320.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 5.12.06, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder as seguintes entidades a cesión en uso dun local no Viveiro de Asociación do Casco Vello, que de seguido se indican:

ASOCIACIÓN	CIF	ESPAZO	IMPORTE ANUAL
ASOC. FAMILIARES ENFERMOS ALZHEIMER GALICIA-AFAGA	G-36776920	E + E'	1.381 €
ASOCIACION GALEGA DE LUPUS-AGAL	G-15614084	B	544 €
FADEMGA FEAPS GALICIA	G-36620037	A	731 €

2º.- Non conceder a cesión dun local no Viveiro de Asociacións do Casco Vello á Asociación EMAUS FUNDACION SOCIAL, con CIF G-20486825, por acadar unha puntuación menor no computo global dos apartados establecidos para a súa valoración nas bases que rexiron o concurso.

18(1779).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO VIAL DE ACCESO Á UNIVERSIDADE-BARXA. EXPTE. 50138/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, de data 28.11.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Galaicontrol, S.L.” o procedemento negociado para a redacción do proxecto de humanización do vial de acceso á Universidade Barxa por un importe de 29.800 euros, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 02.10.2006 e a oferta presentada.

19(1780).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA CANTEIROS, MATAMÁ. EXPTE. 50320/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, de data 28.11.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Sercocsa Proyectos y Obras, S.A.” o procedemento negociado para a contratación das obras do proxecto de construción de beirarrúas na rúa Canteiros, en Matamá. Expte. 50320/250 por un importe de 40.300 e un incremento do prazo de garantía de tres meses, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 09.10.2006 e a oferta presentada.

20(1781).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO C PARA CALEFACCIÓN DOS COLEXIOS E ESCOLAS PÚBLICAS DE VIGO. EXPTE. 7865/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, de data 4.12.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Cepsa Comercial Galicia, S.A.” o concurso para a subministración de gasóleo C para calefaccións das escolas e colexios públicos de Vigo por un importe de 219.000 € e un desconto no prezo de 0,000696 euros/litro, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 04.09.2006 e a oferta presentada.

21(1782).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE PALCO DA MÚSICA EN NAVIA E VESTIARIOS DO CAMPO DE FÚTBOL DE FONTÁNS. EXPTE. 49935/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, de data 28.11.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Oresa, S.L.” concurso para a contratación das obras dos proxectos de demolición do Palco de Música en Navia e construcción de novos vestiarios (lote 1) e ampliación e mellora de vestiarios no campo de Fútbol de Fontáns (lote 2) por uns importes respectivos de 51.377,51 euros e 45.045,00 euros e uns prazo de execución de 2 meses, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 02-10-2006 e a oferta presentada.

22(1783).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO DESEÑO, REDACCIÓN, PRODUCCIÓN, SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DA SINALIZACIÓN TURÍSTICA DA CIDADE. EXPTE. 1940/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 23.11.06, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro da Área de Turismo e Comercio e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 210.000 € para a Contratación do deseño, redacción, produción, subministración e instalación da sinalización turística da cidade de Vigo (terceira fase) que se imputarán á partida presupuestaria 751.0.601.00.02 do presuposto do ano 2006.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 23-11-2006 e o prego de prescripción técnicas para a Contratación do deseño, redacción, produción , subministración e instalación da sinalización turística da cidade de Vigo (terceira fase).

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

23(1784).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 5.11.06 SOBRE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DE FUNCIONARIA INTERINA. EXPTE. 16894/220.

Dáse conta da resolución do primeiro tenente de Alcalde, do 5.11.06, en relación co asunto de referencia, que di o seguinte:

Visto o escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello en data 22/11/2006 (documento nº 60122632) por Dª Carla Candia Paz, con DNI 77.597.450-G, funcionaria interina deste Concello adscrita ao Servizo de Intervención Urbanística-código 420- Xerencia Municipal de Urbanismo, con posto de técnico/a de administración xeral, código 46, no cal presenta a súa renuncia expresa á condición de funcionaria interina por ter superado as probas selectivas convocadas polo organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo” para a provisión de unha praza de técnico de administración xeral vacante na súa propia RPT;

Considerando o disposto no artigo 37.1.a) da do Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, da Lei de Funcionarios Cívís do Estado, vixente no que non se opoña á normativa posterior en materia de función Pública, a renuncia implica a perda da condición de funcionario público, e vistas as competencias que en canto á superior dirección do persoal municipal ostento por delegación da Alcaldesa-Presidenta efectuada en Decreto de data 23/10/2006,

RESOLVO

“PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia expresa á condición de funcioanria interina formulada en escrito de data 22/11/2006 (documento nº 60122632) por Dª Carla Candia Paz, con DNI 77.597.450-G, por ter superado as probas selectivas convocadas pola Xerencia Municipal de Urbanismo para a provisión de unha praza de técnico de administración xeral vacante na súa relación de postos de traballo, con efectos económicos e administrativos do día 30 de novembro do 2006.

SEGUNDO.- Dése conta do presente acordo á Xunta de Goberno Local, e notifíquese á interesada, Xerente de Urbanismo, e Negociado de Seguridade Social da Unidade de Persoal aos efectos oportunos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

24(1785).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 1.12.06 RELATIVA Á GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE Ó MES DE NOVEMBRO DE 2006. EXPTE. 16887/220.

Dáse conta da resolución do primeiro tenente de alcalde, do 1.12.06, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, aboaranse os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de NOVEMBRO-2006, por un total de 31.741'06 €, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

25(1786).- CORRECCIÓN DE ERRO NO EXPTE. 16766/220 RELATIVO Á APROBACIÓN DO PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL NO PERÍODO DE OUTUBRO-DECEMBRO DE 2006. EXPTE. 16851/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 30.11.06, conformado polo concelleiro de Xestión municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13 de novembro de 2006, adoptou acordo sobre o PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL, OUTUBRO-DECEMBRO 2006 (EXPTE. 16766/220).

No punto 2º de dito acordo autorízase o gasto de acordo ó previsto no artigo 166 da Lei 39/1988, de 28 de decembro por un importe total de 10200.00 €, conducentes a execución das accións formativas destinadas a formación da Policía Local que siguen, con cargo á partida orzamentaria 222.1620000, na que se inclúen a acción denominada “Curso para sección de praias”, de 16 h de duración e un coste máximo de 960 € e o curso “Técnicas de intervención en masas”, de 24 horas de duración e coste máximo de 1440 €

No punto 4º autorízase a prestación de servizos para a impartición das accións formativas a realizar dentro do Plan de Formación do Concello de Vigo, segundo a lexislación vixente, dos formadores do programa de formación da Policía Local

No devandito punto 4º atopanse os seguintes erros:

- *O Nif da formadora do curso “Violencia de xenero”, Dª Felisa Balboa Cardoso é 35.550.687R, en vez de 35.555.068R.*

- O número de horas a impartir por D Adolfo Hermida Araujo e D Manuel Gonzalez Garcia no curso para a sección de praias e de 6 h cada un e o importe máximo autorizado para cada un debe ser 360 € en vez de 240€
- No curso de Técnicas de Intervención en masas D Jose Antonio Fuentes Gonzalo impartirá 16 horas con importe máximo de 960 € en vez de 240 € e D Vicente Alló Barona realizará 8 h do devandito curso, polo que lle correspondería percibir 480 €

Por todo o anteriormente exposto e en base ó artigo 105. 2 da lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, solicítase á Xunta de Goberno Local a corrección dos erros expresados anteriormente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a rectificación dos erros sinalados na precedente proposta.

26(1787).- RECOÑECIMENTO A D^a NURIA VILASOA NÚÑEZ DE ABOAMENTO DE CANTIDADE EN CONCEPTO DE ATRASOS COMO CONSECUENCIA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 23.12.05. EXPTE. 16789/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.12.06, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal do 12.11.06, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Recoñecer a D^a Nuria Vilasoa Núñez, con DNI 34.893.655-X, o dereito ao aboamento de cantidade en concepto de atrasos devengados como consecuencia da aplicación económica dunha proposta de valoración a parte dos grupos D e E, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/12/2005, e en consecuencia acordar o aboamento á mesma da cantidade de 704,34 euros en tal concepto con cargo á partida presupostaria 12101400000 “outras modalidades de contratación temporal”, sempre previo o preceptivo informe de fiscalización da Intervención Xeral.

2º.- Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa previa ó exercicio de accións en sede xurisdiccional laboral, poderanse interpoñer os recursos recollidos no Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, así como calquera outros que estimen procedentes en Dereito.”

27(1788).- REVISIÓN DE TARIFAS DE AUTOTAXI PARA O ANO 2007. EXPTE. 72618/210.

Examinadas as actuacións do expediente, vistas as actas do Consello Sectorial de Transportes e da Xunta local de Prezos e Mercados, ambas do 15.12.06, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes do 11.12.06, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

1) TARIFAS VIXENTES

As tarifas de auto-taxi vixentes na cidade de Vigo son as aprobadas por Resolución do Director Xeral de Consumo e Comercio da Xunta de Galicia de data 27 de decembro de 2005.

TARIFA 1 días laborables de 6,00 a 22.30 horas,

Tarifa mínima 1800m e/ou 5,10 min	2,61 euros
Km. Percorrido	0,70 euros
Hora de espera	14,18 euros
Suplemento aeroporto (ida)	3,22 euros
Maletas, vultos análogos	0,40 euros
Suplemento Cotogrande	2,23 euros

TARIFA II domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 15.00 horas e servicio nocturno de 22,30 ás 6,00 horas)

Tarifa mínima (1.200 m e/ou 3,26 min.)	2,61 euros
Km percorrido	0,72 euros
Hora de espera	14,18 euros
Suplemento aeroporto (ida)	3,22 euros
Maletas, vultos análogos	0,40 euros
Suplemento Cotogrande	2,23 euros

II) PROPOSTAS CONTIDAS NAS SOLICITUDES

- En data 16 de setembro de 2006, D. Laureano Herrera Moldes, presidente da Asociación Profesional Provincial de Autotaxis de Pontevedra, presenta solicitude de revisión de tarifas para o ano 2007. A solicitude formulada supón un incremento aproximado entre un 4% para a totalidade dos conceptos excepto para a contía mínima que é un 14%.

TARIFA 1: (Días laborables de 6.00 h a 22.00 h)

Tarifa mínima (1.800 m ou 5.10 min)	3 €
Km percorrido	0.73 €
Hora de espera	14.75 €
Suplemento aeroporto	3.35 €
Suplemento Cotogrande	2.32 €
Maleta	0.42 €

TARIFA 2: (Domingos e festivos; 24 e 31 de decembro; sábados dende as 15.00 h e servizos nocturnos de 22.00 h a 6.00 h)

Tarifa mínima (1.200 m ou 3.26 min)	3 €
Km percorrido	0.75 €
Hora de espera	14.75 €
Suplemento aeroporto	3.35 €

Suplemento Cotogrande	2.32 €
Maleta	0.42 €

E propón que de aprobarse a tarifa solicitada proporían descontos especiais nos vehículos dos seus asociados.

En data 27 de setembro de 2006 foi presentada polo Presidente da Sociedade Cooperativa Galega de Auto-taxi e Gran turismo de Vigo e provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos do Taxi de Pontevedra solicitude de revisión de tarifas para o ano 2007 co seguinte contido. A solicitude formulada supón un incremento aproximado entre un 6.8% en algúns conceptos e un 15% nos restantes, aplicando a cada un unha porcentaxe distinta.

TARIFA 1: *De aplicación nos días laborables, dende as 6,00 h da mañá ás 22,30 horas da noite*

Servicio mínimo (1800 mts de percorrido ó 5,10 min)	2,9 €
Km percorrido	0,77 €
Hora espera	15,6 €
Suplemento aeroporto	3,5 €
Maletas, vultos análogos	0,45 €
Suplemento Cotogrande	2,5 €
(aplicable só a ida)	

TARIFA 2: *De aplicación os días laborables entre as 22,30 horas e as 6,00 horas da mañá do día seguinte.*

Domingos e festivos e os días 24 e 31 de decembro e sábados a partir das 15,00 horas.

Servicio mínimo (1200 m. de percorrido ou 3,26 min.)	3 €
Km. Percorrido	0,83 €
Hora de espera	16,3 €
Suplemento aeroporto	3,5 €
Maletas, vultos análogos	0,45 €
Suplemento Cotogrande	2,5 €
(aplicable só a ida)	

III) INFORME

A Xunta local de prezos e mercados e a Comisión informativa de mobilidade e seguridade en sesión celebrada en data 20 de decembro de 2004 e posteriormente a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 27 de decembro de 2004, na revisión de tarifas correspondente ao ano 2005, no punto 2º, adoptou o seguinte Acordo:

“ Que previos os estudos correspondentes establécese que nun prazo de dous anos a partir da revisión tarifaria correspondente ao ano 2006, se equiparen as tarifas da cidade ás correspondentes á media das grandes cidades galegas, entendendo por elas a Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela.”

Examinadas as tarifas vixentes na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela e obtida a media das mesmas, obtéñense os seguintes resultados:

TARIFA 1:

Baixada de bandeira	2.10	(diminúe)
Km percorrido	0.79	◦ 12.85 % 50%
Hora de espera	16.06	◦ 13.25 % 50%
Maletas	0.43	◦ 7.5 %

TARIFA 2:

Baixada de bandeira	2.72	◦ 4.2%
Km percorrido	0.96	◦ 33 %
Hora de espera	17.84	◦ 25.8 %
Maletas	0.43	◦ 7.5 %

A Xunta Local de Prezos e Mercados celebrada en data 22 de decembro de 2005 acordou que nas próximas revisións se utilice o IPC de outubro a outubro, así como que se constituía unha comisión para a elaboración das tarifas.

- Á hora de emitir proposta de revisión de tarifas para o ano 2007 deben terse en conta as seguintes circunstancias:

As dúas sociedades representativas do sector solicitan distintas tarifas fundamentádoas en criterios distintos.

Si se ten en conta as tarifas correspondentes á media das cidades galegas, a chamada contía mínima ou baixada de bandeira non segue un criterio homoxéneo en todas as cidades pois nunhas fíxase unha contía mínima que se cobra dende o momento en que se inicia o servizo; en outras cidades a contía mínima inclúe un percorrido e un tempo e non en todas as cidades a contía por este concepto son iguais ; polo cal se considera que neste concepto non se pode aplicar a media e máis si temos en conta que da media das cinco cidades na tarifa 1 resulta unha contía inferior á tarifa vixente, polo cal para este concepto se propón a aplicación do IPC de transportes (de conformidade co criterio seguido ata a data) pero do período de outubro a outubro tal e como se acordou.

En canto aos conceptos de Km percorrido e hora de espera, realizado o estudio da media na tarifa 1 suporía un incremento dun 12.85 % no caso de Km e un 13.25% no caso de hora de espera, moi superior ao solicitado e difícilmente xustificable tanto ante os consumidores como ante a Xunta de Galicia que aproba definitivamente as tarifas. Na tarifa 2 considérase que deben aplicarse as mesmas porcentaxes de incremento sobre as tarifas vixentes que na tarifa 1 seguindo os criterios vixentes ata a data e sen que se formule ningunha xustificación no expediente que implique o cambio de porcentaxe.

Por outro lado si se aplica o IPC de transporte de setembro a setembro, que é o último publicado sería dun 0.2%.

No obstante si se aplicase o IPC de transportes de xuño 05 a xuño 06 tal e como se formulou nos últimos anos o incremento sería dun 6.7% e aproximaríase á solicitude formulada por ambas asociacións e acercaría as tarifas de Vigo ás das restantes cidades de Galicia.

Polo cal as tarifas que se propoñen para o ano 2007 serían as seguintes, si se aplicase o IPC de xuño a xuño e na hora de espera e o Km recorrido proponse a equiparación na mesma porcentaxe que na última revisión tarifaria, é dicir, un 9.37% no Km recorrido e un 8.74% na hora de espera.

TARIFA 1 (Aplicable días laborables de 6:00 a 22:30 horas)

<i>Tarifa mínima (1800 m e/ou 5,10 mín)</i>	2.78
<i>Km percorrido</i>	0.76
<i>Hora de espera</i>	15.42
<i>Suplemento aeroporto</i>	3.43
<i>Suplemento Cotogrande</i>	2.38
<i>Maletas e vultos análogos</i>	0.42

TARIFA 2 (Domingos e festivos, 24 e 31 de decembro. Sábados desde as 15:00 e servizo nocturno de 22:30 ás 6:00 horas).

<i>Tarifa mínima (1200 m e/ou 3,26 min)</i>	2,78
<i>Km percorrido</i>	0,78
<i>Hora de espera</i>	15.42
<i>Suplemento aeroporto</i>	3,43
<i>Suplemento Cotogrande</i>	2,38
<i>Maletas y vultos análogos</i>	0,42

IV) TRAMITE DE AUDIENCIA

Concedido o preceptivo trámite de audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores do sector e ás dos consumidores e usuarios durante o prazo concedido ao efecto, non foron presentadas alegacións.

En consecuencia e vistos os artigos 22 e 23 do vixente Regulamento nacional de servizos urbanos de transportes en automóviles lixeiros, Decreto 226/77 de 27 de agosto, Orde de 20 de setembro de 1977, Decreto 2695/77 de 28 de outubro, Orde de 26 de febreiro de 1993, Real decreto 1634 de 1980, así como o Decreto da Xunta de Galicia 106/84 de 24 de maio, sométese á Xunta local de prezos e mercados para a súa posterior remisión á Xunta de Goberno Local o seguinte:

INFORME – PROPOSTA

1º.- Aprobar a solicitude de revisión das tarifas dos autotaxis da cidade para o ano 2007, de conformidade co informe emitido, sendo os prezos máximos a aplicar, IVE, incluído, os seguintes:

TARIFA 1 (Aplicable días laborables de 6:00 a 22:30 horas)

<i>Tarifa mínima (1800 m e/ou 5,10 mín)</i>	2.78
<i>Km percorrido</i>	0.76
<i>Hora de espera</i>	15.42
<i>Suplemento aeroporto</i>	3.43

<i>Suplemento Cotogrande</i>	2,38
<i>Maletas e vultos análogos</i>	0,42

TARIFA 2 (Domingos e festivos, 24 e 31 de decembro. Sábados desde as 15:00 e servizo nocturno de 22:30 ás 6:00 horas).

<i>Tarifa mínima (1200 m e/ou 3,26 min)</i>	2,78
<i>Km percorrido</i>	0,78
<i>Hora de espera</i>	15,42
<i>Suplemento aeroporto</i>	3,43
<i>Suplemento Cotogrande</i>	2,38
<i>Maletas y vultos análogos</i>	0,42

2º.- Remitir o expediente á Dirección Xeral de Industria e Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ao disposto na vixente lexislación en materia de prezos autorizados.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1789).- REVISIÓN DE TARIFAS DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO PARA O ANO 2007. EXPTE. 72859/210.

Examinadas as actuacións do expediente, vistas as actas do Consello Sectorial de Transportes e da Xunta local de Prezos e Mercados, ambas do 15.12.06, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes do 12.12.06, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

TARIFAS SOLICITADAS

D. Juan Carlos Villarino Tejada, Director Xeral da entidade mercantil “Viguesa de Transportes , S.L.” (Vitrasa), na data 31 de outubro de 2006 presenta solicitude de modificación da tarifa e do prezo do coche/qm do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral de Vigo para o ano 2007, de conformidade co establecido no artigo 62 do Prego de condicións económico-administrativo que rexiu o concurso para a concesión do servizo, achegando á solicitude memoria e estudio económico.

As tarifas que solicitan son as seguintes:

<i>*** billete ordinario</i>	<i>1.09 euros/viaxeiro.</i>
<i>*** prezo coche/qm</i>	<i>4.37 euros/qm.</i>

TARIFAS VIXENTES

As tarifas actualmente vixentes por Resolución do Ilmo. Sr. Director Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia, son as seguintes:

billete ordinario..... 1 EUROS/viaxeiro
prezo coche/Qm..... 4.06 EUROS/qm.

I N F O R M E

A empresa Víguesa de Transportes S.L. (VITRASA), concesionaria do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade por acordo do Pleno da Corporación de data 16 de setembro de 1994, solicita revisión de tarifas, de conformidade co previsto no artigo 62 do Prego de condicións que rexiu na adxudicación da concesión.

A empresa concesionaria presenta memoria e estudo económico xustificativo das novas tarifas que propón, que se aplicarían a partir do 1º de xaneiro do ano 2007.

Os prezos que se solicitan (incluído IVE do 7 %) son os seguintes:

Billete ordinario	1.09 €
Prezo coche/ Qm.	4.37 €

De conformidade co Prego de condicións que rexiu na adxudicación da concesión e coa oferta adxudicataria a tarifa ten a seguinte estrutura:

Custo unitario
Repercusión material móbil
Repercusión terreos e instalacións
Ingresos por publicidade (a deducir)

CUSTO UNITARIO

O custo unitario revísase aplicando ó valor do coeficiente de revisión K_t , que resulta da fórmula polinómica de revisión fixada no Prego de condicións o valor do custo unitario da adxudicación.

Os valores de orixen e os coeficientes da fórmula polinómica figuran na oferta.

Os valores do momento "t" de revisión, xustificanse:

Ht polo Convenio Provincial
Ct polo prezo medio nacional do Gasóleo A publicado pola Subdirección xeral de hidrocarburos do Ministerio de Ciencia e tecnoloxía..
IPCt polo certificado do I.N.E.

A) Factor man de obra.

A empresa propón como factor man de obra a cantidade de 20.208.71 €.

No cálculo da tarifa e de conformidade cos informes emitidos pola Intervención Municipal nos anos anteriores aplicábanse dous correctores sobre o coeficiente da man de obra: un de plantilla e outro de repercusión dos custos da Seguridade Social

Os coeficientes correctores trataban de axustar á realidade o modelo de revisión como consecuencia de non estar aportados no seu día todos os medios ofertados.

O corrector correspondente ós custos da Seguridade Social foi suprimido na revisión correspondente ó ano 2001 por considerarse que a porcentaxe da Seguridade Social axústase á oferta presentada.

En relación co coeficiente corrector de persoal, na revisión tarifaria do ano 1997 interpretouse como transformada a plantilla ofertada a 268 traballadores pola aplicación de horas estruturais e como consecuencia da diminución do absentismo; a plantilla media anual do ano 2006 son 286 traballadores, (según manfiesta a empresa), e o persoal de limpeza cúbrese mediante contrato con unha empresa, (según certificación aportada pola empresa concesionaria) polo que se considera que non procede a aplicación dun corrector, suprimido na revisión correspondente ó ano 2002.

B) Factor combustible .

En xuño do ano 96 desapareceu o concepto de prezo máximo autorizado do gasóleo A, que se fixaba por Orden do Ministerio de Industria e Enerxia, pola que ata a data acordouse o prezo a aplicar de común acordo entre o Concello e a empresa concesionaria .

A empresa concesionaria propón unha fórmula referenciada ó ano 1998; no obstante considérase que a referencia debe facerse o mes de xuño do ano 1996, ano da última publicación no B.O.E. do prezo máximo autorizado do gasóleo tal e como se acordou coa empresa concesionaria para a revisión correspondente ó ano 2002 e como se aplicou na revisión correspondente ó ano 2003, 2004, 2005 e 2006.

Prezo medio de gasoleira xuño 1996 87,70 ptas

Indice aplicable 1,033

Prezo maximo autorizado B.O.E. xuño 1996 90,60 ptas

Aplicando o citado índice á media dos prezos medios do gasóleo de automoción, dende setembro de 2005 a agosto de 2006 publicados pola Subdirección Xeral de Hidrocarburos do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxia da un resultado de 96.52 cm/li. A este resultado correspondería engadir o imposto que se fixa na Lei 9/2003 de 23 de decembro, de medidas tributarias administrativas, art. 5 polo que se estableceu un gravamen no imposto sobre as vendas minoristas de determinados hidrocarburos, que no caso do gasóleo serían 12 € por 1000 litros, é dicir, 0.012 € por litro, tal e como se acordou na revisión do presente ano.

A empresa concesionaria enagade un imposto estatal anunciado para o ano 2007; considérase que non procede a súa inclusión por non figurar xustificada.

Na revisión correspondente ós tres últimos anos, tal e como se acordou coa empresa concesionaria, o índice corrector aplicouse sobre o prezo medio do último ano publicado con anterioridade á presentación do expediente de solicitude de tarifas, considerando que debe manterse este criterio.

$$\text{O factor combustible sería} = 0.9652 \times 1,033 = 0.997 + 0.012 = 1.009$$

C) Factor I.P.C

A empresa Vitrasa manifesta que ó terse modificado o criterio base do cálculo do IPC polo Ministerio de Economía e Facenda propoñerndo unha nova fórmula que foi empregada na revisión correspondente ó presente

ano; o IPC é o correspondente ó mes de agosto por ser o que se empregou nas últimas revisións tarifarias e que será 118.

$$\frac{\text{IPC DECEMBRO 01}}{\text{IPC 0}} \quad X \quad \frac{\text{IPC } x \text{ t}}{100}$$

Con lo cual,

$$KT = 0.6295 \frac{20.208.71}{11.482.04} + 0.1196 \frac{1.009}{0.509} + (0.0296 + 0.1613) \frac{136.978}{109.512} \times \frac{118 + 0,06}{100}$$

$$KT = 1.1079 + 0.2370 + 0.2817 + 0.06 = 1.6866$$

Co que o prezo unitario billete ordinario $0.4928 \times 1.6866 = 0.8311$

custo unitario coche / quilómetro $1.9884 \times 1.6866 = 3.3536$

REPERCUSIÓN MATERIAL MOBIL

Este concepto fórmase pola amortización correspondente ó ano de revisión, máis os gastos financeiros da inversión pendente de amortizar.

A cota de amortización que corresponde ó ano 2007 sería 1.375.224.46 € según a empresa concesionaria.

Durante o ano 2007 procede a renovación, de acordo co plan aprobado, de 30 vehículos: a empresa concesionaria incluíu a amortización correspondente aos catro últimos meses do ano, según manifestan; no obstante, considérase que a citada cota non é correcta porque a empresa manifesta que se incorporarán 15 vehículos no mes de xullo (5 meses de amortización) e outros 15 no mes de novembro (un mes de amortización) pola que de conformidade cos cálculos efectuados a cota de amortización sería 1,328,224,46 €.

En canto aos gastos financeiros a empresa concesionaria aplícaos sobre o importe total da adquisición de 30 vehículos, cando 15 dos mesmos non se incorporarán ao servizo ata o mes de agosto do próximo ano, tal e como di a empresa, e outros 15 ata o mes de decembro, polo que procede aplicalos sobre a inversión correspondente a 5 meses e un mes respectivamente, polo que corresponde descontar do concepto inversión total de vehículos o importe total dos 30 vehículos que se incorporaran no próximo ano (6.742.000) e sumar o importe correspondente a 5 meses dos 15 primeiros e 1 mes dos 15 restantes.

Considerando o exposto o importe dos gastos financeiros sería:

---- Inversión nova concesión :	29,492,698,25
----Importe total vehículos ano 2007	- 6,742,000
	22,750,698,25
----Importe 5 meses 15 vehículos ano 2007	1,418,750
----Importe 1 mes 15 vehículos ano 2007	278,083
	24,447,531,25

-----Cantidade xa amortizada 11.693.931,07
12,753,600,18

Os gastos financeiros ascenderán a :

Inversión pendente de amortizar $12,753,600,18 \times 0,08 = 1,020,288 \text{ €}$

Como consecuencia a cantidade correspondente a amortización e mais os gastos financeiros ascende a 2,348,511,46.

REPERCUSIÓN POR VIAXEIRO E KM

$\frac{2.348.511,46}{21000.000} = 0.1118 \text{ €/viaxeiro}$

$\frac{2.348.511,46}{5.142.623} = 0.4566 \text{ €/quilómetro}$

REPERCUSION TERREOS

A repercusión correspondente a terreos e instalacións de acordo co cadro de amortización lineal é de 597.707,14 €, non procedendo a repercusión do posible déficit de recuperación que imputa a empresa, por considerar que deberá tratarse en expediente separado.

Repercusión por viaxeiro e km.

€/viaxeiro $\frac{597.707,14}{21.000.000} = 0.0285 \text{ €/viaxeiro}$	21.000.000
€/quilómetro $\frac{597.707,14}{5.142.623} = 0.1162 \text{ €/quilómetro}$	5.142.623

PUBLICIDADE

É un concepto a deducir do custo.

A concesionaria manifesta que os ingresos pola publicidade ascenden a 255.063,23 €.

O que supón unha deducción de $\frac{255.063,23}{21.000.000} \text{ €} = 0.0121 \text{ €/viaxeiros}$

$\frac{255.063,23}{5.142.623} \text{ €} = 0.0495 \text{ €/viaxeiros}$

Nº DE VIAXEIROS

O nº de viaxeiros que propón a empresa concesionaria como previsible (20.500.000) para a próximo ano, considérase que non pode ser aceptado posto que o previsible é que o nº de viaxeiros se incrementa debido ás melloras introducidas no transporte nos últimos anos, podendo admitirse a cifra de 21.000.000 viaxeiros reais de conformidade coa tendencia dos dous últimos anos.

BILLETE ORDINARIO

Custo unitario		0,8311
Repercusión material mobil		0,1118
Repercusión terreos e instalacions.		0,0285
Publicidade		-0,0121

Total		0,9593
	I.V.A. 7%	0,0671

		1.0264 €
		0.0032 redondeo anos anteriores

		1. 0296 (Redondeo 1,03 €)

CUSTO COCHE /QUILOMETRO

Custo unitario		3,3536
Repercusión material mobil		0,4566
Repercusión terreos e instalacions		0,1162
Publicidade.		-0,0495

Total		3.8769
	I.V.A. 7%	0,2713

		4.1482 €

En relación co pago das rampas correspondentes aos vehículos incorporados no ano 2005 (12) e 2006 (10), con cargo ás subvencións solicitadas á FEMP e INSERSO, deberán ser presentadas facturas do importe dos vehículos.

BONO - BUS

TARIFAS VIXENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 27 de decembro de 2005, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

“ Revisar os prezos correspondentes ós bonos buses, aplicando as tarifas seguintes:

bono bus normal	0.70 euros
bono bus estudante	0.67 euros
bono bus pensionista I	gratuíto
bono bus pensionista II	gratuíto
bono bus universitario	0.48 euros

REVISIÓN DE PREZOS

Tendo en conta que se producirá un incremento de tarifa correspondente ó billete ordinario, apréciase a necesidade de revisar os prezos correspondentes ós distintos bonobuses con obxecto de que se manteña proporcional á subvención.

Subvención actual

<i>bono-bus ordinario</i>	0.30
<i>bono-bus estudante</i>	0.33
<i>bono-bus pensionista I</i>	1.00
<i>bono-bus pensionista II</i>	1.00
<i>bono-bus CUVI</i>	0.52

No obstante e seguindo instrucións do Concelleiro-Delegado de Mobilidade, proponse como incremento dos bonos o mesmo incremento que a tarifa, é dicir, un 3%.

Polo tanto a cantidade resultante sería:

<i>bono bus normal</i>	0.72 euros
<i>bono bus estudante</i>	0.69 euros
<i>bono bus pensionista I</i>	gratuito
<i>bono bus pensionista II</i>	gratuito
<i>bono bus universitario</i>	0.49 euros

LEXISLACIÓN APLICABLE

O procedemento aplicable para a revisión da tarifa é o establecido no artigo 62 do Prego de condicións que rixe a concesión do transporte urbano colectivo de viaxeiros, aprobado definitivamente en sesión plenaria celebrada en data 26 de maio de 1994.

Así como tamén o disposto no Decreto 2695/77, de 28 de outubro, Decreto 2226/77, de 27 de agosto, Orde de 30 de setembro de 1977, Disposición transitoria primeira do Real Decreto 1947/79, de 3 de agosto e a Orde de 26 de febreiro de 1993.

Tendo en conta o ata aquí exposto, sométese a dictame da Xunta Local de Prezos e Mercados para o seu posterior estudio pola Xunta de Goberno Local, a seguinte,

PROPOSTA:

1) Aprobar a revisión de tarifas do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral da cidade de Vigo, solicitada pola empresa “VIGUESA DE TRANSPORTES, S.A.” para o ano 2007, sendo os prezos a aplicar có IVE incluído, de conformidade cós informes emitidos obrantes neste expediente,

- * prezo billete..... 1.03 euros
- * prezo coche/qm..... 4.1482 euros

2) Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na normativa vixente en materia de Prezos autorizados.

3) Revisar os prezos correspondentes ós bono-buses aplicando as tarifas seguintes:

<i>bono bus normal</i>	<i>0.72 euros</i>
<i>bono bus estudante</i>	<i>0.69 euros</i>
<i>bono bus pensionista I</i>	<i>gratuito</i>
<i>bono bus pensionista II</i>	<i>gratuito</i>
<i>bono bus universitario</i>	<i>0.49 euros</i>

- 4) *Subvencionar no exercizo económico de 2007, a diferenza que se produza entre a tarifa aprobada e a tarifa dos bono-buses correspondentes ó viaxeiro habitual, estudante , pensionista I e II, e as persoas con mobilidade reducida que precisen para os seus desplazamentos cadeira de rodas, así como para aquela persoa que os acompañe, e subvencionar o bono-bus CUVI no 33% que lle corresponde, segundo o Convenio establecido coa Universidade de data 2 de novembro de 1995, máis o a diferenza ata o prezo aprobado.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

29(1790).- ABOAMENTO DE DÉBEDA Á SEGURIDADE SOCIAL. EXPTE. 16918/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de negociado da Unidade de Persoal, do 15.11.06, conformado pola xefa de dita Unidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Acordar o pagamento efectivo 15.12.2006 da capitalización de diversos recargos de prestacións da Seguridade Social derivados de accidentes laborais de traballadores de Prosega destinados no IFEVI e de débedas de menor contía cuxos importes ascienden a:

CCC	Nº DOCUMENTO	PERÌODO	IMPORTE
36001399933	36/06/06/016266022	05/2006-05/2006	1.967,64
36001399933	36/06/06/016266123	05/2006-05/2006	15,03
36001399933	36/06/06/017008676	05/2006-05/2006	48.312'78
36001399933	36/06/06/017375357	12/2003	135'25

36001399933	36/03/06/019336878	03/2006	2.074'61
36100466253	36/03/06/019047000	07/2006	182'30
36101171323	36/03/06/017075307	06/2006	68'04
36101171323	36/03/06/019052447	07/2006	68'04
36101171323	36/03/06/019388210	08/2006	62'37
36101171323	36/03/06/020159661	09/2006	59'54
36108365588	36/03/06/014868010	03/2006	104'33
36108365588	36/03/06/016113852	04/2006	104'33
36108365588	36/03/06/016524050	05/2006	210'13
36108365588	36/03/06/017181660	06/2006	392'94
36108365588	36/03/06/015142878	07/2006	427'72
36108365588	36/03/06/019472476	08/2006	392'07
36108365588	36/03/06/020248071	09/2006	304'25
36001399933	36/03/06/014730893	03/2004	153'19
36108365588	36/03/05/017277368	06/2005	107'31
36108365588	36/03/05/017000617	05/2005	107'67
36108365588	36/03/05/018049934	07/2005	106'65
36108365588	36/03/06/010791390	10/2005	79'19
36108365588	36/03/05/019564144	09/2005	79'45
CCC	Nº DOCUMENTO	PERÌODO	IMPORTE
36108365588	36/03/05/018829873	08/2005	95'67
36108365588	36/03/06/014356233	04/2005	107'70
36108365588	36/03/06/011554145	11/2005	78'92
36108365588	36/03/06/013430992	01/2006	98'68
36108365588	36/03/06/013138780	12/2005	75'96
36108365588	36/03/06/014245691	02/2006	104'33
		IMPORTE TOTAL: 56.536'09,-€	

Sendo a cantidade global a ingresada de 56.536'09,-€ mediante transferencia na conta de “recursos diversos provinciais” Número 2038-4016-93-6000056419 de CAJA MADRID, da que é titular dito organismo, tal como acreditan en anteriores pagos adxuntos.

30(1791).- PRODUCTIVIDADE DE D. MIGUEL MIRANDA PAN E D. LUIS RODRÍGUEZ CADARSO DE LA PEÑA, ADSCRITOS Ó TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO-SEGUNDO TRIMESTRE 2006. EXPTE. 16589/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.11.06 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 19.07.06, conformado pola xefa do Servizo de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer e aboar ós funcionarios Sr. D.Miguel Miranda Pan, secretario do órgano de reclamacións económica administrativas, a cantidade de 225,08 euros, e a D Luis Cadarso de la Peña,

xefe do servizo de Patrimonio, a cantidade de 3.595,00 € en concepto de produtividade correspondentes o segundo trimestre do ano 2006, así como as cantidades correspondentes os períodos de novembro e decembro de 2005 e primer trimestre de 2006 da parte proporcional das pagas extraordinarias respectivas.

31(1792).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas actuacións do expediente, visto o informe-proposta do director accidental da Escola municipal de Artes e Oficios, do 14.12.06, conformado polo presidente-delegado, e o acordo da Xunta Rectora de dito organismo autónomo, do 15.12.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar e asignación individual dos complementos retributivos por produtividade, pola contía e asignación nominal que se achega e que ascende a un importe de 50.966 €, co seguinte detalle:

POSTO	NOME	IMPORTE
Director acctal.	D. Jacinto Martín Barreras	500
Anterior Directora Acctal.	D ^a . Sonia Estrada Ibáñez	500
Profesor de Lingüas da Comunidade Autónoma Galega	D. Xoé G. Feixó Cid	700
Técnico do Departamento de Música Tradicional Popular Galega	D. Rodrigo Romaní Blanco	700
Mestre de Oficios de Instrumentos Musicais Populares Galegos	D. Carlos Corral Fernández	600
Mestre de Oficios de Instrumentos Musicais Populares Galegos	D. Xaime Rivas Dacosta	600
Mestre de Oficios de Luthería Antiga	D. Ramón Rodríguez Casal	600
Mestre de Formación de Repuxado en coiro	D ^o . Virginia González Remesar	2.700
Mestre de Formación de Pintura	D ^o . M. del Carmen López-Valcarcel Cerqueira	2.700
Mestre de Formación de Ourivaría	D. Eduardo Alvarez Blanco	2.700
Mestre de Formación de Artes Gráficas	D. Delmiro Bernárdez Outerelo	2.700
Mestre de Formación de Corte e Confección	D ^o . M. Teresa Fernández Nogueira	2.700
Mestre de Formación de Escultura e Talla na madeira	D ^o . Rosa M. García Martínez	2.700
Mestre de Formación de Debuxo	D ^o . Rut Martínez López de Castro	2.700
Mestre de formación de Cerámica	D. Miguel Vázquez Pérez	2.700
Auxiliar Administrativo	D ^o . Matilde León Rodríguez	1.900
Auxiliar Administrativo	D. Franciso Torres Rodríguez	1.450
Ordenanza	D. Jaime Bahamonde Sobrido	1.290
Ordenanza	D ^o . Isabel Pérez González	1.600
Ordenanza	D ^o . Mercedes Sánchez Varela	1.450
Ordenanza	D ^o . M. Teodora Vázquez Estévez	1.600
Ordenanza	D ^o . Ana M Fernández Giráldez	1.600
Ordenanza	D ^o . M. Luz Comesaña Abalde	400
Mestre de Formación de Serigrafía	D. Alfonso Beltrán Muñoz	2.138
Mestre de Formación de Canto Popular	D. Fco. Javier Feijoo Alvarez	1.533
Mestre de Formación de Violín e Lingüaxe Musical	D. Alfonso Franco Vázquez	826
Mestre de Formación de Zanfona	D. Anxo Lois García Pintos	1.592
Mestre de Formación de Són e Música Moderna	D. Pablo Gonzalo Seoane	2.138

Mestre de Formación de Requinta	D. José Liz de Cea	649
Mestre de Formación de Encaixe de Palillos	Dº. M. de los Angeles Núñez Rodríguez	724
Mestre de Formación de Encadernación	D. Pablo Otero Pino	2.138
Mestre de Formación de Gaita e Percusión	D. Xaquín Xesteira Losada	2.138
	TOTAL	50.966

As cantidades que perciba cada persoa por este concepto non suporán nengún tipo de dereito individual en períodos sucesivos.

32(1793).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E VIGO PARA A DINAMIZACIÓN COMERCIAL. EXPTE. 2023/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 14.12.06 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 13.12.06, conformado pola concelleira de sito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Comerciantes de Vigo, que de seguido se transcribe.

2º.- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 25.000 euros, a favor da Asociación de Comerciantes de Vigo, CIF. G-36.810.190, con cargo á partida orzamentaria 6220.470.00.00, “Subvención ó comercio e alumeado de Nadal.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE VIGO PARA A DINAMIZACIÓN COMERCIAL DA PRAZA DE COMPOSTELA, DOS MERCADOS MUNICIPAIS DO CALAVARIO, TEIS, BOUZAS E O BERBÉS E AS ZONAS COMERCIAIS DE TRAVESAS, CALVARIO E CENTRO PARA A CAMPAÑA DE NADAL DE 2006.

En Vigo, a de de dous mil seis.

REUNIDOS

Dunha parte, Dª. Lucía Molares Pérez, Concelleira de Turismo e Comercio do Concello de Vigo.

Doutra parte, D. Antonio Reguera Repiso, con NIF. 35.919.739 H, na súa calidade de Presidente da Asociación de Comerciantes de Vigo, CIF. G-36.810.190, con domicilio social na rúa Taboada Leal, 31, baixo, de Vigo.

EXPOÑEN

Os asinantes deste convenio están interesados en desenvolver de xeito conxunto un programa de fomento da actividade comercial na Praza de Compostela, nos mercados municipais do Calvario, Teis, Bouzas e o Berbés, e das zonas comerciais do Calvario Travesas e Centro.

Este fomento da actividade comercial ten encaixe na competencia municipal en materia de comercio, e nos estatutos da Asociación de Comerciantes de Vigo.

Consecuentemente co exposto, a Concellería de Turismo e Comercio e a Asociación de Comerciantes de Vigo acordan a sinatura dun convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Este convenio ten por obxecto establecer un marco de acordo para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Comerciantes de Vigo para o desenvolvemento do programa de fomento da actividade comercial nos mercados municipais do Calvario, Teis, Bouzas e Berbés e nas zonas comerciais Centro, Travesas e Calvario durante as Festas de Nadal de 2006.

Segunda.- O Custe total estimado deste convenio de colaboración é de 36.000 euros, segundo orzamento da Asociación de Comerciantes de Vigo.

O Presuposto desta campaña de dinamización é a seguinte:

Actuacións campaña: 29.000 euros.

Coordinación e control: 7.000 euros.

Terceira.- O Concello de Vigo colabora neste convenio contribuíndo coa cantidade de 25.000 euros do exercicio orzamentario do ano 2006, con cargo á partida orzamentaria 6220.470.00.00, “Subvención ó comercio e alumeado de Nadal”.

Cuarta.- En toda a publicidade que se desenvolva especificamente para esta promoción comercial so aparecerán os logotipo do Concello de Vigo e da Asociación de Comerciantes de Vigo.

Quinta.- Este convenio desenvolverase conforme ó especificado na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, do seu Regulamento, e das Bases do Presuposto correspondentes.

O Concello de Vigo participa neste convenio por ten concedida por lei o fomento da actividade comercial da cidade. Ademais, esta actividade promocional ten engadida unha contraprestación de carácter publicitario, tanto na súa faceta turística como comercial da cidade.

As actividades teñen a súa base legal no contido do apartado “m” do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Sexta.- O Concello de Vigo aportará a este convenio de colaboración a cantidade de 25.000 euros en concepto de subvención á Asociación de Comerciantes de Vigo pola promoción da actividade comercial en distintas zonas da cidade con motivo das Festas de Nadal de 2006, con cargo á partida orzamentaria 6220.470.00.00, “Subvención ó comercio e alumeado de Nadal”, do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

O pagamento desta cantidade realizarase mediante transferencia bancaria á conta número xxxx.

Sétima.- O pagamento por parte do Concello de Vigo realizarase trala xustificación presentada pola Asociación de Comerciantes de Vigo, a presentación da factura correspondente e a certificación por parte do servizo de Turismo e Comercio de que a actividade tense realizado e de xeito conforme co especificado neste convenio.

O prazo para presentar a xustificación e a factura a Asociación de Comerciantes rematará a finais do mes de febreiro de 2007.

Oitava.- A Asociación de Comerciantes de Vigo aportará a este convenio o seguinte:

O desenvolvemento das actuacións de promocionais do comercio previstas no presuposto da campaña.

A actividades de coordinación e o control necesarias para garantir o correcto desenvolvemento da campaña.

A tramitación de tódolos permisos pertinentes para desenvolver as actuacións previstas.

Novena.- A Asociación de Comerciantes de Vigo aportará a este convenio o equipamento técnico necesario para realizar o seguemento, mantemento e solución dos problemas que podan presentarse. O Concello de Vigo, por medio da Concellería de Turismo aportará a ese equipamento técnico o asesoramento e a axuda loxística necesaria para garantir o éxito da campaña.

Décima.- Co fin de velar pola execución deste convenio creárase unha Comisión de Seguemento, composta por dúas persoas; unha nomeada a tal efecto por parte do Concello de Vigo, outra pola Asociación de Comerciantes de Vigo.

Será motivo de rescisión do presente convenio o incumprimento das súas cláusulas, mediante denuncia de calqueira das partes.

Décimo primeira.- A Concellería de Turismo e Comercio e a Asociación de Comerciantes de Vigo informarán, se procede, á cidadanía da posta en marcha desta iniciativa comercial.

Décimo segunda.- O Concello de Vigo queda facultado para solucionar as controversias derivadas da interpretación, aplicación e execución deste convenio, así como para tomar as iniciativas que conduzan ó seu cumprimento.

Décimo terceira.- A vixencia deste convenio de colaboración rematará o 10 de xaneiro de 2007.

En proba de todo o acordado, asínase este convenio de colaboración por duplicado exemplar no lugar e data indicados.

33(1794).- INFORMES SOBRE “PROXECTO DE CONEXIÓN DA AUTOVÍA A-57 COA REDE ARTERIAL DE VIGO E ACCESO Ó AEROPORTO DE PEINADOR”. EXPTE. 4615/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe proposta do técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 15.12.06, conformado polo concelleiro delegado de Medio Ambiente, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

En data 30.10.2006 tivo entrada no Rexistro Xeral desta Corporación un escrito do Ministerio de Medio Ambiente (nº doc. 60112825) ao que se acompaña a memoria-resumen do proxecto: «CONEXIÓN DA AUTOVÍA A-57 COA REDE ARTERIAL DE VIGO E ACCESO AO AEROPORTO DE PEINADOR», promovido pola Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, solicitando a remisión das suxestións desta Admón. municipal, referidas a aspectos ambientais, en relación aos contidos específicos que debese considerar o titular do proxecto no Estudo de Impacto Ambiental (EIA), así como outras posibles alternativas de actuación.

II. INFORMES

II.1. Por solicitude do concelleiro-delegado de Medio Ambiente, o 08.11.2006 a xefa da unidade técnica de Medio Ambiente, Sra. Santiso Gil, emite informe no que se sinala o seguinte:

“Dos corredores descritos na memoria resumen, só o corredor oeste afecta ao término municipal de Vigo. Respecto diso considérase importante ter en conta, á hora de elaborar o estudo de impacto ambiental e de avaliar o impacto deste corredor, que este se sitúa na conca nacente do [río] Lagares, porque as afeccións ao tramo alto dos ríos, son as de maior impacto que estes poden sufrir”.

II.2. Ademais, seguindo as indicacións contidas no anterior informe, o 10.11.2006 solicitouse tamén informe da Oficina de Planeamento-Xestión da Gerencia Municipal de Urbanismo sobre se no ámbito considerado producíronse modificacións no novo planeamento xeral en trámite.

II.3. Con data 29.11.2006, o arquitecto xefe de devandita Oficina emite o correspondente informe, no que se poñen de manifesto os seguintes feitos:

a) Aínda que o planemento xeral vixente en Vigo segue sendo o Plan Xeral de 1993, debería terse en conta a tramitación, desde o ano 2001, do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), actualmente remitido para aprobación definitiva á Xunta de Galicia.

b) Tanto no documento do PXOM aprobado inicialmente como no aprobado provisionalmente, recolleuse o "ESTUDIO DE ORDENACIÓN DAS CONEXIÓNS DOS VIAIS QUE CONFLÚEN NO AEROPORTO DE PEINADOR", de decembro de 2000, no que se contemplan as seguintes actuacións (pp. 226 e 227 da Memoria justificativa):

- Unha nova conexión directa entre o Aeroporto e a AP-9, sen cruces a nivel con outras vías de diferente tipo.
- Desvío da N-556 na fronte do Aeroporto, transformando o treito actual para uso estritamente aeroportuario e configurando un rotador de uso do Aeroporto, xunto co viario actual, á beira do edificio terminal.
- Desvío da N-556 desde unha glorieta de nova construción á altura da N-555 a Redondela, ata a estrada de Cabral, onde se configura outra rotonda que, ademais, serve para concentrar os accesos á AP-9.
- Conexión mediante un gran rotador entre a estrada de Cabral e a de Puxeiros, resolvendo os accesos ao IFEVI [Instituto Feiral] e ao recinto aeroportuario (local).
- Unha nova vía urbana, distribuidora pola zona de Liñeiriños, conectada á AP-9 e ao viario anteriormente sinalado.

c) Ditas determinacións viarias aparecen recollidas tanto nos documentos da Memoria xustificativa como nos planos das distintas fases da revisión do PXOM, achegándose como anexo ao informe copias dos correspondentes planos das fases de avance, aprobación inicial e aprobación provisional.

d) As posibles modificacións producidas entre as fases de avance, aprobación inicial e aprobación provisional do novo PGOM non afectan sustancialmente ao trazado viario, pero si a cuestións puntuais de clasificación ou cualificación do chan, motivadas na contestación de alegacións recibidas durante o período de información pública do expediente; entre elas, a formulada pola Dirección General de Aviación Civil referida a servidumes legais aeronáuticas, que determinou a necesidade de modificar algunhas cualificacións de chan.

e) En todo caso, debería solicitarse do Ministerio de Fomento que no Estudo Informativo da Conexión da Autovía A-57 coa rede arterial de Vigo e acceso ao Aeroporto de Peinador se delimiten con maior claridade os corredores que se citan (de moi confusa identificación na documentación aportada), así como que se consideren as determinacións do PXOM de Vigo, aprobado provisionalmente o pasado 19 de maio de 2006 e, en particular, o

"ESTUDO DE ORDENACIÓN DAS CONEXIÓNS DOS VIAIS QUE CONFLÚEN NO AEROPORTO DE PEINADOR", nel incluído.

II.4. O 14.12. 2006 a xefa da unidade técnica de Medio Ambiente dá conta do anterior informe urbanístico e manifesta o interese de remitir os informes evacuados sobre o proxecto de referencia ao Ministerio de Medio Ambiente.

III. PROPOSTA

Vistos os informes emitidos en relación coa solicitude remitida polo Ministerio de Medio Ambiente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

"ACORDO

PRIMEIRO: Prestar conformidade aos informes da xefa da unidade técnica de Medio Ambiente e do arquitecto-xefe da Oficina de Planeamento-Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, indicados na parte expositiva deste acordo, en relación coa documentación remitida polo Ministerio de Medio Ambiente sobre o «PROXECTO DE CONEXIÓN DA AUTOVÍA A-57 COA REDE ARTERIAL DE VIGO E ACCESO AO AEROPUERO DE PEINADOR», promovido pola Dirección General de Estradas do Ministerio de Fomento, nos que se sinala a necesidade de que no correspondente Estudo de Impacto Ambiental se teña en conta aspectos como a posible afección á conca nacente do río Lagares e a documentación integrante do novo PXOM relativa á ordenación das conexións viarias que conflúen no Aeroporto de Peinador, ademais da conveniencia de delimitar con maior claridade o trazado dos corredores que se citan na documentación enviada.

SEGUNDO: Remitir urxentemente certificación oficial deste acordo, xunto cos planos que se citan no informe urbanístico, ao Ministerio de Medio Ambiente aos efectos do previsto no art. 13 do Decreto 1131/1988, de 30 de setembro.

Non obstante, a Xunta de Goberno local resolverá, co seus superior criterio, o que estime procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

PRIMEIRO: Prestar conformidade aos informes da xefa da unidade técnica de Medio Ambiente e do arquitecto-xefe da Oficina de Planeamento-Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, indicados na parte expositiva deste acordo, en relación coa documentación remitida polo Ministerio de Medio Ambiente sobre o «PROXECTO DE CONEXIÓN DA AUTOVÍA A-57 COA REDE ARTERIAL DE VIGO E ACCESO AO AEROPUERO DE PEINADOR», promovido pola Dirección General de Estradas do Ministerio de Fomento, nos que se sinala a necesidade de que no correspondente Estudo de Impacto Ambiental se teña en conta aspectos como a posible afección á conca nacente do río Lagares e a documentación integrante do novo PXOM relativa á ordenación das conexións viarias que conflúen no Aeroporto de Peinador, ademais da conveniencia de delimitar con maior claridade o trazado dos corredores que se citan na documentación enviada.

SEGUNDO: Remitir urxentemente certificación oficial deste acordo, xunto cos planos que se citan no informe urbanístico, ao Ministerio de Medio Ambiente aos efectos do previsto no art. 13 do Decreto 1131/1988, de 30 de setembro.

34(1795).- NOVA ESTRUCTURA DO PONTE SOBRE O RÍO LAGARES, NA BAIXADA Ó PONTILLÓN- FREIXEIRO. EXPTE. 34167/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 12.12.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Recientemente tramitouse o expediente 34.167/250 por un importe de 400.328,20 Euros, que unha vez publicado e finalizado o prazo de presentación de ofertas sin que ningunha empresa comparecese, declarouse deserto en data 16 de novembro pasado. Enténdese que a non comparecencia foi motivada pola falta de actualización do orzamento de tal proxecto.

En data novembro de 2006, actualízase o presuposto de execución do proxecto pasando o importe a 698.151,87 Euros (PEC), según separata que se achega.

Dada a situación actual da ponte, restrinxida únicamente ao paso de vehículos lixeiros dende finais do ano 2001, según recomendacións recollidas no informe de G.O.C. do 15 de outubro dese ano, cun incremento notable do tráfico dende a apertura do Centro Comercial Gran Vía e que se prevé se agrave durante as próximas festas navideñas co conseguinte risco que supón. Solicitouse un informe do estado actual da ponte a empresa G.O.C. , no que recomentan actuar o antes posible para garantir a seguridade vial.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- *Aprobar a separata de actualización presupostaria da Construcción do Novo Ponte do Pontillón de data novembro de 2006, redactada pola empresa G.O.C. e por un importe de 698.151,87 Euros (PEC).*
- 2.- *Se proceda a comunicar ao departamento de Tráfico o inmediato peche da ponte ao tráfico rodado dado o estado actual da mesma.*
- 3.- *Aprobar a contratación polo procedemento de emerxencia do expediente para a Construcción da nova estrutura da ponte do Pontillón sobre Río Lagares.*

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(1796).- INFORME DO PROXECTO DE “RECONSTRUCCIÓN DA ANTIGA ESCALINATA DA PRAZA DE PORTUGAL E UBICACIÓN NA RÚA E. BLEIN BUDIÑO, VIGO”. EXPTE. 316/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador do Área dos Servizos Xerais, do 15.12.06, que di o seguinte:

O proxecto de “RECONSTRUCCION DA ANTIGA ESCALINATA DA PRAZA DE PORTUGAL E UBICACIÓN NA RUA E. BLEIN BUDIÑO, VIGO”, foi redactado pola Inxeñería TICCO, e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canales e portos D. Angel Colsa Lloreda, en decembro de 2006.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a “EXECUCIÓN DA RECONSTRUCCION DA ANTIGA ESCALINATA DA PRAZA DE PORTUGAL E UBICACIÓN NA RUA E. BLEIN BUDIÑO, VIGO”, asimilando os acabados e alineacións ó contemplado no Plan de Reordenación do Entorno.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de SEISCENTOS MIL NOVENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (600.095,92 €).

O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administración Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e propónse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

Aprobar técnicaamente ou proxecto de “RECONSTRUCCION DA ANTIGA ESCALINATA DA PRAZA DE PORTUGAL E UBICACIÓN NA RUA E. BLEIN BUDIÑO, VIGO”, cun orzamento total base de licitación de SEISCENTOS MIL NOVENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (600.095,92 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(1797).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.